




DE TRABA Á PUNTA DAS PÍAS

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2020




Distancia: 9 km (ida a volta)
Dificultade: baixa

Unha ruta que percorre un tramo da costa do concellos de Laxe, onde podemos gozar de fermosas paisaxes e das caprichosas formas labradas pola erosión nos granitos rosas da serra de Pena Forcada. Un percorrido pequeno, pero de moito interese xeolóxico e bilóxico, onde se suceden ecosistemas de praia, lagoa e cantil, con puntas, coídos e furnas.


PERCORRIDO

Para acceder á praia de Traba podemos facelo desde Boaña, Traba ou Mórdomo. Unha vez alí podemos seguir o camiño que rodea a lagoa, ou ir pola praia (se está a marea baixa é máis agradable). A ruta segue pola beira do mar por un antigo camiño polo que circulaban os carros que ían carrexar as algas. Pódense facer varios desvíos e deixarnos levar fóra de roteiro, tan preto da beira como o relevo e o mar nos permitan, hai carreiros por todas partes, para irmos vendo as formas que o mar, o vento, o sal e o tempo, foron creando nas rochas, e non só na beira do mar senón tamén no interior próximo, entre a punta da Cruz de Rosa e a punta das Pías. Tamén podemos achegarnos ao coído no que desauga o rego da Albariza que xa marca a linde co concello de Vimianzo. A volta pódese facer un pouco máis curta ao non ter desvíos.

Se queremos gozar dunhas boas panorámicas podemos subir aos Penedos de Traba por unha pista asfaltada desde A Costa.



O Dromedario, na Punta da Cruz da Rosa. Unha das rochas máis coñecidas desta costa.



Praia e lagoa de Traba desde os Penedos de Traba



Rego de Traba



A lagoa de Traba está rodeada por unha densa vexetación acuática onde se refuxian as aves. Ocasionalmente visitana aves invernantes pouco comúns nas costas galegas.

Praia e lagoa de Traba. Unha barra de area pechou a saída ao mar dos ríos Traba e Rioval, formando unha lagoa, actualmente moi colmatada. A praia, de 2.630 m de lonxitude conserva un amplo cordón de dunas fixadas pola vexetación.



Punta Corveiro, rego do Río Vao e praia de Traba



Punta da Cruz da Rosa



Garza real
(*Ardea cinerea*)



Vexetación nas dunas de Traba



23-Punta da Cruz da Rosa




Entre a punta da Cruz de Rosa e a punta das Pias atópanse numerosas e curiosas formacións rochosas






Pena Forcada (Petón da Borralla)



Vista desde As Borrallas.
Ao fondo a Punta de Laxe e O Roncudo



24-O Cabezo



Da Pedra dos Altariños á Punta das Pías



Rego da Albariza



Punta da Pias